

A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, Id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: REGO. D' AUGA, 38, 1.º

Número 51

A CRUÑA 10 DE ABRIL DE 1918

PR' A ALGUNS OBREIROS

FALANDO Á RAZÓN

O individualismo, froito absurdo do século XIX, que o novecentismo esnaquizou denantes de que a guerra europea fixérao pô, é o que sigue latexando com'a lus d'aqueles astros que inda chega a nós oxe, pesi a que xa morreron hai moito tempo, no espírito dos radicaes españoles.

E a iste individualismo negativo, non poden sustraérense algúns dos ácratas e republicáns galegos.

Dicía un pensador: «A falla de visión amplia e de senso fondo, que é com'a característica dos nosos homes púbricos, acéntuase considerabremente nos xefes dos grupos mais avanzados d'España. A forza de pelexar contr'os «reaccionarios», chegaron a seren escrusivamente unhos «contrareaccionarios», do mesmo xeito que chega un esquitore ó contratópico en forza de berrar contra do tóxico.»

Pra eles non hai interdependenza d'ideaes, nin correlación d'efeutos, nin complexidades culturás. Pra eles cada idea, cada pensamento, cada teoría alenta soia, illada no mundo. E pertenden facer do simplismo un fautor do progreso.

Unha das leises da ética millor estabrecida pol-os filósofos, antr'eles Espinosa, é a da identidade das pasións en relación á sua proximidad, á sua concomitancia: n'unha verba, á sua *intimidade*.

E choutando á toreira por riba de todo isto, coma choutaba Séneca según Nietzsche por riba da virtude, apoiándose na moca do estoicismo, queren facer obra de transcendenza. ¡Non é doado, compañeiros!

Vede á onde vos leva a pasión. A combater o nazionalismo galego, — unha realidade natural — ceibando dardos contra Cambó, alleo n'ausoluto, no senso esencial, á nosa causa. Combatindo á Cambó, lonxano da nosa órbita d'aución, pra esquencere ós Besada, Riestra, Bugallal, Gasset e demais escravizadores do chan galego. Combatindo á Cambó, mediatizados pol-o erro e pol-a simpatía persoal á homes do *Orzán*, con grave detrimento d'afinidás ideolóxicas que no nazionalismo atopades.

E bèn: ¿Non tedes mais argumento pra combatermos á nós que metervos con Cambó? ¿Simpatizades en troques c'o *Orzán*, orgo idóneo e polo mesmo inimigo do izquierdismo canto amigo do conservaturismo, do quietismo ideolóxico, defensor dos beneficios do Banco d'España, dos profesionás do financeirismo, da boa sociedade, do volterianismo converso por razóns d'empresa mercantil ó catolicismo mais farisaicamente fervoroso? Tronades contra o nazionalismo que é a forma mais moderna da organización liberal dos pobos, namentres non tedes senon silenzos benévolos pr'ó axuntamento envenenador da concencia colectiva da Cruña e de Galicia, que teñen feito algús republicáns e sindicalistas, c'os elementos mais retrógrados e burgueses da nosa terra. Empeñádesvos en cegare a y-auga corrente e cristañña pra favorecer, quizais de xeito inconsciente, as augas estanca-das onde a podredume mata todol-os pulos de rebeldía.

Bò proveito vos faga. As ideas non son o que queren os homes; senon que os homes, cedo ou tarde, son o que impoñen as ideyas.

Decatádevos ben: Cambó, circunstancialmente, repersenta pra nós — non por él, senon pol-a forza d'almas que o sigue, porque é *leader* d'un ideial n'esencia allea a

direitismos e isquerdismos — un valor *per accidens*. É de momento pra nós — de momento —, répresentación d'unha autoridade e unha forza material única co'a que contamos pra impoñer respeto á lei ós tiráns da Terra. A él convenlle pol-a sua Cataluña, que a persoalidade galega xurda. A nós convennos que Galicia sexa libre coma Cataluña. E isto que supón un pacto *laborantista* antre dous pobos, fica n'unha táctica esterna, tanxencial. Mais nin Cataluña pregunta á Galicia que ideoloxía nin que forma de Goberno quere, nin Galicia pergúntallo tampouco á Cataluña. O sagrario da y-alma colectiva d'entrambas rexíors mantense completamente libre de influxos alleos. Cataluña ten unhos intreses e Galicia outros. Capaces de teren que enfrontárense moitas veces.

Cambó, pois, ó falar do nazionalismo galego, deixádeo á unha veira. ¿Non vos acercastedes vós a él pra intresalo pol-a amnistía, como vos tedes arrechegado á outros políticos, pra pedirles algo benficioso pr'á vosa causa, sin que isto signifique deixación dos ideaes que profesades? Pois o mesmo nos ocorre á nós. Cambó, axúdanos de feito e pode axudárenos ainda, contr'ó caciquismo. Cambó e Ventosa, déronnos unha Real orden contr'os abusos caciqués no consumo, que non nos tiña dado endexa-

Ouro castelán

Besada, galego, consinte que os caciques tomen venganza d'os labregos, empregando contra d'eles a arma d'os Consumos e d'os repar-tos veciñás.

E Besada quixo facer un rexionalismo «ortodoxo».

Ouro catalán

Ventosa, catalán, namentres foi ninistro de Facenda, garantizou a libertade d'os labregos, desarmando ó caciquismo co'a sua Real orden, inda vixente, pro esnaquizada de feito.

máis ningún outro político. E aínda Cambó, ólese como s'olle, e home consecuente no ideal da autonomía. Representa un factor ideolóxico novo na vella España. E será—veredes como cúmprese a profecía—o que impoña na *Gaceta* o espírito da Asamblea de Parlamentarios, que esquenceron Lerroux e Melquiades por complot. Como pode demostrarse c'os seus derradeiros discursos.

Pol-o demáis os homes do galeguismo, os que van á cabeza, son puros, consecuentes c'o que perdican. Non teñen incoemente en sometérese á un contraste de condutas.

Eles saben que o único radicalismo fecundo é o que leva a xusticia relativa o máis preto posíbre da xusticia ausoluta e inmanente. E crén máis n'un xuez católico que impón a lei sen dobregarse, que n'un xuez radical que a bordeia. Máis n'un home dereitista que sente humanitariamente que n'un izquierdista volteriano e escéptico. Non, non hai casilleiros fixos na vida. A vida é unha cousa cobregueante, complexa.

Y esto que non dñ os libros sectarios, unilaterais, dinno os libros filosóficos, dinno os estudos naturalistas, dinno os progresos da ciencia.

E hai máis. Mentras haxa homes, sexa no réximen que sexa, «dirixirán» os máis intelixentes e cultos. «Dirixirán» as minorías. E namentres sexamos un produto da Natureza, o home terá de sere home, nunca ánxel, suxeto ás influencias do medio, rexíndose por costumes difrentes nos diversos pobos da Terra. E haberá idiomas universais ausiliares. Mais nunca un idioma común pr'ós usos vulgares e literarios. Porque non pode habelo. Porque d'impoñérese, ós cen anos trocaríase n'un babelismo dialectal. Porque aínda habéndo, o acento especial de cada raza faríao difrente, coase inintelixible, aínda sendo o mesmo no fondo. ¡Ben falou d'isto Pi y Margall!

Isto do idioma é moi chocante. Opóñense ó emprego do galego—fala internacionalizada por Lusitania—moitos obreiros que no seu fogar e nos lugares onde traballan, c'os compañeiros non usan outro medio d'espresión. Demócratas por razón de crás—moitas veces soio por esto—renegan incoescentemente, pra burguerizárense, do lingoaxe do noso traballo, do lingoaxe popular. Fanse escravos do hoco pensamento dos señoritos, e pecan contra Natura. Apuntade a paradoxa. Porque si o idioma, cousa natural, o produto máis outo das razas, se tén por desprezable, o noso «auto-desprezo» é evidente. E xa voluntariamente sentímonos dinos de sere colonizados.

Axiña ollarán os internazonalistas verbalistas, como o caos ruso—¡benia él!—resólvese pol-o camiño dereito: das nazonalidades naturais. E ¿queredes leición máis viva y elocuyente?

A ALMA D'AS FRORES

*De unha xema que o sol estalar fixo
nascéu a tenra fror,
e c'os bicos do sol da primaveira
pinturouse de máxico arrebol.
Filla de ocultas misteriosas bodas,
un misterio de amor ten no eisistir
e na fala segreda dos perfumes
os seus sentires conta á branda bris...
Si vive asoballada nas umbrías
onde non luce o Sol,
ergue a corola e loita hasta que abrangue
un consolo no brillo de un fulgor;
ou murchase abafada pol-a sorte
de non hachar xamáis,
do pai da lus nos múltiples refrexos,
un lóstrego de vida pra medrar.
Cando xurde entre somal-o silencio,
e o tristeiro serán solene cai
os contornos borrando no horizonte,
cubriendo de negrol-o estreito val;
cando semella roxa lumeirada
o occidente c'o esmorecido Sol,*

*e maina a bris as follas abanea
con morno sopro e melodiño son,
a fror, cal si tollese, o cális pecha
e ô cubrirse de bágoas de cristal,
ás que os raios da Lua morticeira
baixan calados c'o iris á xogar,
máis ateigos de aroma os seus suspiros
á lus unha pregaría levar van...
¡Cántas vecelas frores contemprando
na orballada envolteitas,
coidéi vel-as bagullas d'os seus pétalos
nas nacarinas perlas!
¡Cántas, mirándoas murchas abafarse
sin-o tallo que as randeou xentil,
eu caviléi si a vida se lles iba
por faltarllel-o fogo do sentir...
Mais, nunca soupen descifrar misterios,
e aínda estóu por saber
por qué a fror perde o aroma cando morre:
¿Será o perfume o espírito que ela tén?*

ANTÓN VALCÁRCEL.

(Do libro próisimo a publicar, *Poesías*.)

Lonxe da terra non vos aloumiñará nunca a «Internacional», como a «Negra Sombra». Nin o acento d'un alemán com'o d'un irmán de raza.

Pra rematare: o primeiro problema galego é o da cidadanía, é o de redimire da escravitude caciquil, feita d'un réximen creado pol-os partidos do turno, a poboación rural e das pequenas vilas.

E este problema sirve pra facer coincidir á cantos sexan liberaes de corazón; liberaes no senso social e que o mesmo poden dárense na dereita que na esquerda. A esencia das doutrinas de Pi y Margall, de Lloyd George e de Prat da Riba collen en todolos programas.

Con divisións de campanario, baixo pre-

texto d'incompatibilidás d'ideias, o caciquismo seguirá trunfal, debéndolles gratitudede ós sindicalistas intransixentes.

Con homes puros—porque isto si é esencial—sexan do bando que queiran, pódese pactare. En troques, antre homes impuros, aínda todos das mesmas ideias, haberá treidores. O que praitique o que perdiq, ese é o bô.

Oíde, oíde ós labregos galegos; poñeivos en contaoto con iles; que vos falen os de Narón, por exemplo, como nos falan á nós, e logo veredes si cumprimos á concencia os galeguistas: si somos radicás todos no orde social; si traballamos caladamente, con obras, pol-a redenzón d'escravos.

DE MIN PRA VOS

O LOITADOR

E os cinco nenos de Xacobe, con vos debile pol-a fame e ronca pol-o moito berrar, cramaban sin dô:—¡Paiciño, broa, que temos fame, anque sexa sin caldo! ...¡Broa, meu pai, broa!

Os nenos, Xacobe e a muller, dous días faguía non levaban bocado á boca. Él, sin traballo, ela malada. E si era pouca a desesperazón do home, do brazo forte d'a casa, por se atopare sin traballo, o rezo, a

musitazón continúa d'aquel cantar d'os seus fillos pedíndolle broa que non tiña nin onde nin con qué adiquiril-a, termifaban de poñelo ás portas do precipizo sin fondo no que un home rexo, forte, ateigado de saude pode caere.

Honrado coma nengún; honradés nai d'a sua misería e d'a fame d'os seus, non atopaba en todo o arredor quen o chamara pra traballo algún, e si o pedía negábanllo,

e dábanllo á outros que chegaban trais d'él.

¿Qué mal fixera él? ¿Qué estigma levaba na testa qu'eis o illaban com'un ser dexe-nerado? ¿Qué contaxio fagufa ás xentes qu'o perseguían e perseguían como a can rabioso?

Xacobe andivera un pouco pol-o mundo adiante, e pol-o mundo adiante tivera oca-sión de vere coma vivían os homes d'ou-tras terras, e faguer comparanza co-a vida que levaban os da súa. E na comparanza, sacou en limpo que os seus irmáns de raza no século XX, eran escravos n'unha terra ceibe.

Seus irmáns levaban tapándolle os ollos pra que non viran, c'unha venda forte, moi forte, con moitas voltas: a incultura. El tiña algunha, non moita, mais da pouca de que dispoñía, tiña a santa obriga de enseñarella a aqueles qu'a non tiñan.

E tal fixo. Citounos á sua casa, falúlles do ben que outros homes disfrutaban n'outras terras, e foilles metendo nos miolos a idea de que loitasen, de que axuntáranse todos pra se defenderen, instinto natural no home, e poñalles d'exemplo o que fan as ovellas no monte cando chega o lobo: ainda vendo qu'a morte vai chegar a cabo d'elas, non fuxen unha pr'acó e outra pr'aló e a que caía caíeu, non, axúntanse todas diante da morte, non pra se defenderen (¡probes ani-maes os qu'a natureza non dótou de defen-sa algunha), sinon pra dare unha das maio-res mostras d'irmandade da terra, correndo as unhas o perigo das outras.

Comenzéunos. Xuntáronse. Comenzaron a loitare, máis a ameaza dos donos do froi-to da terra e do sudore dos homes, de non lles dare traballo ós unhos, de sacárenlle as terras en arrendo ós outros, fixo fuxir os medosos, recuar ós afoutos e calar ós valen-tes. A xuntanza desxuntouse. Todos sigui-ron disfrutando da vida d'escravos que denantes levaban. Soio Xacobe o loitador como lle chamaban todos, siguéu rebelde á escravitude, e soio Xacobe, tamén, veuse envolvemento na rede da fame que lle tenderon os donos d'aquelas terras e d'aquelles homes...

Xacobe ben termaría de se desenredare dos nós d'aquela miserabre rede si fora soio no mundo, mais aquelas seis criaturiñas sangue do seu sangue e carne da sua carne cramaban por comere. E había que darlles, mais ¿de onde? Si vivira na cibdá xa desen-verfábase e buscaría pra eles n-un lado ou n'outro. Estaban no monte, e alí, ou some-térese ou morrer. Sua rebeldía non lle con-sintía o pirmeiro nin sua fortéza o segundo.

Canso d'ouvir o cramare famento dos seus fillos erguéuse maxestosamente e ollan-do pra eles e amostrándolles seus rexos

brazos e seus fortes puños, saíu con paso repousado fora da casa.

Instintivamente, sin dárese conta, dirixéu-se á casa do señor Ramón o mais forte rica-cho da parroquia, e diante dos muros qu'arodeaban a horta e a casa, detívose. ¿Por onde entrare? ¿Por onde rubir a aquelas outas murallas pra chegare á casa? Andivo ó redor d'ela e unhas vellas hedras suxetas ás pedras dos muros como él ós seus ideias de redenzón, servíronlle pra rubir e deixarse caer dempois na branda terra da horta. Conocedore do terreo que pisaba orientouse na escuridade da noite e tomou a direizón da casa. Chegou ó pé d'unha fenestra que daba á cociña e co-a punta da fouce que levaba ó ban, abríuna e entróu. Ás tentas e sin faguer barullo algún, foise en dereitura ó despacho do ricacho, onde puido tentare as fortes follas de robre do armario onde gardaba os cartos.

Puxo de novo a fouce en funcións e as follas cederon e abríronse. Fixo lus có me-cheiro, e seus ollos viron n-un caixón bran-cos e relucentes pesos e porcós e opacos papés de billetes do Banco. Non se admirou ó vel-os. Surriuse con desprezo. Aquelo era o sudore d'él e dos seus irmans, trocado en cartos.

E vendo aqueles caixóns acugulados de papel e prata, aquela fortuna sin servizo, pensou no seu lar, na sua muller, nos seus fillos... ¡Pedían broa! ¡Morrían co-a fame tendo seu pai parte n'aquelles cartos!... N'a-queles cartos que non podía tocar porque queimaríanll'as mans e abrasaríanlle a alma.

Botouse atrás. Co-un eistrano fulgore nos ollos, e a faciana desencaixada pol-a dôr e o coraxe adiantouna ó armario, e cus-péu n'a fortuna aquela con total-as forzas dos seus pulmóns, unha, duas, tres, corenta veces, até que tolo, conxestionado, de re-beldía cheo, prendéulle lume ós papés e as roupas que no armario houbía, e logo de fitare como a larada enseñoareabase da casa, fuxeu pra onde os seus nenos, que rendidos de sono e de fame durmían o sono dos xus-tos, mentras o cheo, o satisfeito, o ladrón, espertaba envolvemento en labaradas vingado-ras que sumirían sua carne, e chucharían seus hosos, do xeito qu'él chuchara nos corpos dos sufridos, dos escravos, ós que sacáballes pingotas de suore e de sangue que convertía en cartos.

RICARDO CARBALLAL.

PRA UNHA ANTOLOXÍA

Letras irmáns

Dende oxe abrimos unha seición de poe-tas da irmán Portugal. Asin, ó remate do ano, cantos coleccionen A NOSA TERRA atoparíanse c'unha valiosa antoloxía poética lusitana.

A cultura portuguesa, as letras portugue-sas—que abranguen e abrangueron un outo esprender ogano com'antano—son mais des-conecidas pr'ós galegos que a cultura e as letras rusas, verbigracia.

Coidamos que a maor vergoña pra Gali-cia consiste non samente en que nosos li-breiros non teñan á venda coase ningunha obra portuguesa, senon que as poucas que s'amostran moi de tarde en tarde, nas vi-dreiras das librerías, esteñan traducidas ó castelán.

Galicia e Portugal, irmáns de raza, ir-máns na lingoa, con intreses económicos dinos de s'armonizaren pr'a prosperidade común—pois si os erros históricos separaron ós dous pobos, a natureza tennos axuntados pra sempre—abranguerán no porvir un destino homoxéneo.

Oxe publicamos ista poesía de Eduardo Carvalho.

PAISAXE

*O concilio das árbores. Preside
Un vetusto e sinuoso castanheiro,*

*En crejo tronco incide
Do sol cahindo o raio derradeiro.*

*Agrúpanse os carvalhos, rodeando,
Como alumnos d'un vello profesor,
O monstro venerando,
Collega, ou cosa assín, do Creador.*

*A hedra envolve os troncos enrugados,
Como um ophidio estrangulando a presa.
Semelhan os romanos, coroados
Para o alegre jantar da Natureza.*

*No meio dos gigantes centenários,
Brilhan flores delicadas de mimosas.
E os vegetaes parecen millionários
Ostentando mil gemmas preciosas.*

*Sobre a espesa raiz d'un castanheiro,
Que o vello musgo torna suave e loura,
Un moço pegureiro
Abraça uma pastora.*

*O ceu é azul. Saltitam os pardaes...
O vento ergue a folhagem, que murmura.
A o fundo, os milharaes,
Parecem un oceano de verdura.*

EDUARDO CARVALHO.

POEMAS SINXELLOS

XI

Nostalgia

Estóu asomado á fenestra.
É unha rua fría, onde non da o sol.
Porqu'o sol da ledicia i'oitimismo ô meu espírito?
Que saudade teño pol-a n'ista hora!
O val istará enmeigado pol-o sol...
A cobra do río, terá baixo a lus, un eis-trano relocir.
Ouh! A quietude i'o silenzo acocharían agarimosamente a nosa pesadume...
Sô os paxaros dirían as suas cântigas no silenzo.
Terra frofida!... Non será coma un sono o día que te volva á ver?...
Estóu asomado á fenestra... Sô vexo espellal-o sol nos vidros do piso mais outo da casa d'enfrente.
Y'e coma si eu fora un prisioeiro, tras unhas rexas de ferro...
Pro o meu deseio é com'un paxaro que voara até a lexanía adourada...

XII

Primaveira

Teño saudade do teu feito...
Agora, sobor os agros verdecentes, a primaveira pródega poñerá un profumo lon-xano...
O sol terá unha ardentía chea de paga-nismo e d'oitimismo.
Meu soliño da terra!...
N'ista cibdá maldicida hai unha tristura que fai ollar pra baixo.
Eu quiría ir lonxe, lonxe...
Encherme de sol coma un paxaro! Voar pol-o azul!...
Pro a primaveira pasará y-a miña xuventude irá envellecendo...
E sô vivirei a Vida nos libros, é irei pol-o Camiño sô ca miña Soma, a miña Dôr i-a miña Malenconía...
A Primaveira cando sexa vello, será so-mentes un Outono cheo de surrisas...

XIII

Arbres vellos...

Diante d'istes arbres vellos do Retiro eu sinto unha fonda pena...
Com'eles!...
Ollando sempre pro ceo e morrendo pouco a pouco...
Com'istes arbres vellos que choran cando o ar chega á bicalos...
Com'eles a nosa Vida, que olla pro ceo, coma úneca esperanza, inda cando ten a raigame na terra!
Coma nós, na nosa xuventude, foron bari-les i'ergueitos...
Despois enchéronse de froles, de follas e de niños bulideiros.
E chegou o inverno, a vellés, i-os paxaros fuxiron i-o vento queixóuse nas ponlas tortas e ispidas com'a hosos...

XIV

Malenconía

E unha serán de domingo.
Ô meu paso alcontro moitas nenas ridícu-las e románticas, de moradas olleiras, e cos-tureiras mozas de seos duros i'ergueitos que incitan o deseio.
Tí, quen poidera!... Pro, pasan e deixan sô o perfume da sua carne branca, dina do rito ardente.
Porque a nosa carne está condanada a arder com'unha lume?
O noso espírito vai cheo d'unha dôrosa malenconía, d'un esceiticismo sin esperanza...
O ruído atúrdenos. Quixéramos estar sôs n'un claustro pra podere pensar.
Vamos pol-o parque. De vez en cando, cai unha folla seca, doéndose.
Nos bancos de pedra, unha parexa de noivos, outra, outra, xúntans'os rostos. Can-do non pase ninguén quizabes se biquen...

XV

A morte pasa...

Os enterros constituíen parte do pintores-co das cibdades mortas...
Son coma unha procesión. Os rapaces da Beneficencia, levan unhas velas, un home gordo fai choral-o fagot i-os vivos van até o cimiterio, doentes e resinados.
N'ista cibdá, un enterro e sô—ouh' a vi-sión d'Azorín!—un coche, despois outro coche, despois moitos coches...
Unha letanía de coches, con paso malen-cónico e lento, pol-as ruas cheas de xentes.
Que dôrosa ista marcha silenzosa e pau-sada!
Que tristura ten un enterro antre a ledí-dia do ir e vir!
É a Morte que pasa pol-o camiño da Vida...

CORREA-CALDERÓN.

Madrid-III 1918.

Efemérides galegas

MARZO

Día 31

1827. Nace no Ferrol D. Francisco Suárez García, home político e notabre jornalista.

ABRIL

Día 1

1798. O general Mourelle ataca, cerca de Gibraltar, e apresia un corsario inglés c'unha urca dinamarquesa que levaba á remolque e collera no Estreito á outro corsario francés.

Día 2

1892. Morre D. Antonio de la Iglesia, autor de «El Idioma gallego, su antigüedad y vida» e outros traballos.

Día 3

1367. Batalla de Nájera, onde pelea esforzadamente o conde de Lemos don Fernando Ruiz de Castro.

Día 4

1340. Morre gloriosamente o Almirante Alonso Jofre Tenorio, nun combate naval contra dos mouros, en augas de Algeciras.

Día 5

1788. Nace no Ferrol D. Vitoriano Sánchez Cerqueiro, restaurador dos estudos de artilleiría e balística, con aprica-ción á Marina, en España.

Día 6

1809. O general francés La Martiniere é batido pol-os paisanos e feito recuar das alturas de Francos que tomara, nun-ha saída que fixera de Tuy.

Día 7

1836. Sorpresa e derrota do cabecilla carlista Villaverde en Bandomil (Lugo).

Día 8

1690. A princesa María Ana de Bavie-ra, trasladase do Ferrol á Mugardos para ir á Cruña.

Día 9

1749. Apróbanse as obras proyecta-das para a formación do Astilleiro do Esteiro.

Día 10

1860. Concédese a gran crus de Sabe-la Católica ao general de Marina Gutié-rriz de Rubalcava.

¡QUÉ PERDA!...

LUGRÍS Freire crasifica os homes en catro grupos: enxebres, homes, doncellos, e damiselas; e descríbeos d'unha maneira tan gráfica, que non é posíbre confundilos.

Nas derradeiras datas, publicaron os xornaes de Madri e en case todol-os d'España, emborroando colúas e mais colúas (dinas de mellor causa) comentando a retirada d'o *arte* d'os touros de dous iñorantes eminentes persoaxes d'os que se fala mais d'eles que se descubriran a pedra filosofal. Laméntanse os da terceira categoría de que Belmonte se casara sen o seu permiso, e o Galo, se despida dos touros, dando eisi dúas perdas grandes pr'a festa que os faltos de miolo chaman nazonal.

Deixaron os doncellos as suas agullas da calceta, as d'o *crochet*, e outros os palillos d'os bordados, pr'a botarse á chorar ós catro ventos a perda de tan útiles e eminentes persoaxes,

Nos, moito nos alegramos d'estas e d'outras retiradas que debían faguerse axiña pra desterrar de maneira termiante o framenquismo que puxo en mal lugar á España.

¡Probe España! Aldraxáronte sempre e botáronche na cara o framenquismo. Houbo que desfaguer a leenda que os extranxeiros creían certa; pasaron os anos, e seguiron creendo n'ela; mais cando todos comenzaban á ver a realidade d'as cousas, fan os xornaes a afirmazón da leenda d'os touros.

Non vos extrañedes que veñan preguntando os de fora que onde s'encontran as mulleres de navalla na liga; non vos indinedes contr'os que preguntan onde s'atopan os calabozos da inquisición; e cando vos preguntan pol-os mantidos, enseñádelles os que lamentan a perda de dous toureiros con mais tristura que cando se perderon as colonias; e mais aínda que se perdéramos a soberanía nazonal.

Mirade con desprezo e compasión, ós que lles preocupan esas cousas cativas; porque tede por seguro que si algún día tivéramos necesidade de defender c'as armas a independencia da Patria, serían capaces de vestirse de mulleres pr'a seguir faguendo bordados e calceta.

En verdade: da pena ver tantos homes vestidos de muller, habendo tantas mulleres que visten d'home.

B. VARELA.

Queixume

O sol púxo-se hai tempo
Detrás da nube escura
E foi quedando o bosque,
Pouquiño a pouco, envolto nas negruras.

A soledá, o calado,
Ninguén agora turba,
Samente un gris suave
As follas move que, ao pasar, murmuran.

E para min en tanto,
A quen a pena engruña,
Eu cuido que es aínda
D'esta fechada noite crara lua,
Que en van o teu desvío,
Óuh, meiga formosura,
En mín matar pretende
A fé con que te ameí, que non se mude.

¡Ah, certamente é feita
Pr'a dór esta espesura!
Aquí ceibar-se pode
O mal contido afán que o peito oculte.

Se as meiguiceiras albres
Que tanto ao triste ayudan,
Gardar saben segredos
Das mágoas que lles chora o sin ventura.

¡Ay, canto, nena, fuche
Conmigo cruel e injusta!
¿Así é como pagas
A este servo de amor que ao carro ajugas?

¿Desagradei-che en algo?
¿Que cousa, que infundura,
Te puxo tan trocada,
Que, cal terrón, o corazón me amurras?

Non sei, soyo apercibo
Que vou quedando á escuras,

E aquí, con abandono,
No pensamento médra-me a amargura.

Como un adiós calado
Que á alma me conturba,
Laído triste e duro
D'esta miña querencia grande e pura,

Mas, forte érgue-se vento.
Con forza as albres fungan.
¿Acaso o seu asopro
Virá arrincal-os feros que me gruman?

Despois, berros estranos
E vocería confusa
Paréceme que oyo,
Que á un misterioso susurrar se ajuntan.

Son ¡ay! as voces tolas
Que do pasado zumban,
Os ecos fugidios
Do pantasma que agora se derruba.

Vos, esperanzas mortas,
Caede na fondura
Do meu doído peito
Coma no outono can as follas murchas.

Que, agora, triste o atopo
Ferido, sin ter cura,
C'os feros desenganos
Que largan hoje as atagentas duras.

¡Meu corazón, ay, cantas
Tuveche ansias e angustias!
¡Quen sabe se mais grandes
En ti se aniñarán mágoas futuras!

FLORENCIO VAAMONDE.

POSTAL DE LOITO

MARÍA González Fernández, de coarenta e seis anos, ferida de bala na feira do 13 en Sedes, finouse no hospital do Ferrol.

Deron ista tristeira nova os xornás, sin ningún comentario.

Na nosa y-alma sinxela de loitadores, probe irmú na redenzón galega, facemos un cadaleito, coma niño mol e recendente de lembranzas, pra pôr n'il a tua memoria merecedora d'agarimos.

Foras unha señora d'a «boa sociedade», unha señora rica, d'as que viviron antre goces sempre, pensando sô en pasare ben a eistencia, d'as que non fono malas porque o non puideron selo, e o teu nome viría cheo de loubas nos xornás.

Pro ti fuches nada, lonxe d'os regalos da vila, no verde chan d'a mariña verdecente, cabo d'os pinos fungadores; fuches muller d'un fogar aldeán, onde homildosamente lóitase pol-a vida, sin andrómenas de ningún xeito, e n'unha mañán de sol—com'aquela que cantara o poeta—, sintindo o instinto d'a liberdade d'a terra no teu peito, ofrendáche lle a Galicia unha roseira de sangue,

cuiio ulidor recendo nós traguemos a istas páxinas pra eternizalo.

C'o teu sangue, con sangue d'as tuas veas—coma denantes outras mulleriñas sinxelas e rexas, orgulo d'a raza—, conqueríchedes o dereito de seren libres pr'ós vosos fillos.

Isa roxeira roxa, chea d'espíñas, que deitou do lume dos vosos corazóns doces, ô abanearse c'os bufidos do vento, parez berrare: ¡Venganza!

Venganza contr'os caciques sin alma e sin conciencia, que non saben respetare a delor do pobo afrixido, magoado e doente; contra íses caciques que coidan poder tervos sempre escravos, iñorando que a sangue dos mártires é o camiño que leva á porta de total-as redenzóns.

Siguen acorralándovos cal si fosedes cans doentes; siguen atropellándovos. ¡Óuh santas xenreiras do fogar de Breogán, cando chegará o día trunfal no que estoupedes coma foguetes do vispora de festa maor!

¡Caciques que tedes as mans lixadas de sangue, tod'a augoa do mare non abundará pra lavarvos!

¿Non vos lembrades d'aqueles versos que espallara Lois de Tapia pol-o Congreso, cando Besada fora elixido presidente d'a dita Cámara?

«Nos ha dado la tostada el diputado por Lugo: no es González Besada, sino González Besugo.»

Pois agora o mesmo Lois de Tapia di no *Nuevo Mundo*:

«Qué dicire d'esa fofa faciana de moucho que nos amostra Besada?... A mín non se m'ocurre nada a propósito d'a sua cabeza. Quizáis ô ministro ll'ocorra o mesmo na Facenda... Que non se ll'ocorra nada. É o máis probable n'este *Augusto* do Goberno actual.»

SUSCRIZÓN

aberta entr'as mulleres galegas pra donar-lle unha bandeira a "Irmandade da Fala," da Cruña.

Sra. Pura González de Lugo, 2 pesetas; Stas. Adela Yañez, 1; Carmen Vila, 1; Amalia Vila, 1; Mercedes Moar, 0'25; Elvira Bermúdez, 0'50; Anxela Sánchez, 0'50; Carmen Franco, 0'50; Maruxa Rodríguez Yordi, 1; Maruxa Pereira, 1; Amalia Somoza, 1; se-

ñora María Deus de Faraldo, 2; Stas. Amalia Tettamancy, 0'50; Ramona Tettamancy, 0'50; Teresa Chao, 2; Xosefa González, 1; Lolina Blanca, 1; Margarita Siñariz, 1; Avelina Guillemé, 0'50; Ramona Pavón, 0'50; Mercedes Pavón, 0'50; Mary Pardo, 1; Anxela Fernández Mourino, 1; Sra. de Villar Ponte, 1; Mercedes Fernández de Veiras, 1; Eudisia Alvarez de Cabanillas, 1; S.as. Socorro Lugo Osta, 2; Pilar Lugo, 0'50; Pura Lugo, 0'50; Hermitas López, 1; Amparo Peña, 1; Florinda Paredes, 1; Maruxa Basanta, 2; Sara Riveiro, 1; Palmira López, 1; Anxela Ruibal, 1; Maruxa Palazuelos, 1; Africa Cervigón, 0'25; Matilde Díaz Baldrich, 0'50; Emilia Díaz Baldrich, 0'50; María Luisa Cabanillas, 0'50; Sra. Carmen Díaz Varela de Banet, 2; Stas. Carmen Banet Díaz-Varela, 1; Pilar Banet Díaz-Varela, 1; Maruxa Banet Díaz-Varela, 1; Maruxa Miramontes, 1; Xuana Menlle, 1; Elvira Menlle, 1; Inocencia Santalla, 0'50; Xosefa Insua, 0'50; Sra. Sofía Domínguez de Valcárcel, 2; Francisca Rey, 0'50; Stas. Carmen Chao, 1; Clementina Ponte, 1; Maruxa Orosa, 1; Consuelo Crespo, 1; Amalia Freire, 2; Evita Camino, 0'50; Euxenia Camino, 0'50; Consuelo González Sobral, 1; Maruxa González Sobral, 1; Natividad Soto, 0'50; Clotilde Blanco, 0'50; *La Laboriosa* (sociedad de cigarreras), 73'40; Stas. Teresa Fernández, 0'50; Genoveva Casal, 0'50; Conchita Viñolas, 5; Flora Gómez Blanco, 0'50; Xulia Herrero Blanco, 0'50; Aurelia Rodríguez Sabri, 0'50; Delfina Rodríguez Montero, 1; Sra. Aurora Arneji de Losada, 1; Sta. Elvira Varela do Campo, 1; Sra. Tomasa Patiño de Martínez, 1; Sra. Viuda de Molla, 5; señorita Paula Fernández, 0'50; Sra. Esther Lores de Carballo, 1; Sara González, 1.

Peneirando...

O *Orzán*, xornal idóneo d'a Cruña, defensor do riestrismo, o besadismo e o bugallalismo, conece a parvería das multitudes.

C'unha de cal e outra d'area, engayola ôs imbéciles que se crén listos.

Fai poucas datas, publicaba no mesmo número un artigo tímido falando d'a amnistía, pra cazare simpatías d'infelices obreiros, e outro quente loubando ôs artilleiros, pra congraciárese c'o Exército.

Unha vela a San Miguel e outra o demo. Ou *Militares e peisanos*.



¿E todos ises esforzos e ises entusiasmos postos de releve pra conseguire un reximento pr'â Cruña, ¿non estarían millor dirixíndoos a facer algo pol-o Sanatorio de Oza, verbigracia?

¿Probes pobos os que coidan que un reximento ha de donárelles máis valore!

¿Probes pobos—coma Santiago—que ofrecen o novo edificio feito pra Escola de Veterinaria, pra templo d'a Cencia, coma cuartel! A pouco máis ofrecen a catedral.

¿E total-as vilas e cidades galegas, coma Venus de cociña en tarde domingueira, rifando e cramando por Martel!

E namentras morrendo mal feridas mulleres que desexaban a libertade d'os seus eidos, sin que o corazón de Galicia se faga

2) FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

Nosos problemas educativos

Conferenza lida pol-o seu autor o docto catedrático i-entusiasta irmán Don JOHAN VIQUEIBA

espresións de pasageiras, de desesperanza. Non houbo corrente espiritual do mundo, nazonal, social, religiosa, que non tivera como consecuencia unha educación propia: que non traballase como por unha necesidade vital pol-a sua educación e insino. Hoje falaréi do fracaso da escola, e como esta levanta unha certa sospeita, adicaréi ao problema duas palabras. Di-se que a escola fracasou porque non evitou a guerra mundial, porque non refinou d'abondo os sentimentos dos homes pra que a guerra non surgise. Mais, de ningunha maneira pódese falar do fracaso da escola nen da educación, pois ninguén lle encomendou aquel fin pacifista nen ela por si, podía ser factor determinante entre as moitas e fondas cousas que motivaron a guerra. Vexan en cambio os frecuentes actos d'heroísmo e sacrificio, véjase o amplo entusiasmo por ideas novas, e pensarase con razón que non asisti-

mos hoje á un fracaso da escola, senon á un triunfo. Hoje máis que nunca a historia demostra que nos grandes conflictos, os pobos que triunfan son os que teñen unha superior educación e insino.

III

Como vou a falar do insino en gèral e necesario denantes de todo que teñamos unha idea do que é o mesmo. Dase nas sociedades o feito que querendo transmitir ás generaciones futuras os bens culturaes nasce a educación. Seu fin non é outro, e a educación é asin no fondo o lume sagrado d'un pobo. A educación comprende por unha parte a formazón gèral do individuo, a escola á que él concurre nos primeiros anos da sua vida, (escola primaria), por outra, a formación profesional. Aunque poida chocar esta división admitámola sen explicación algunha porque sendo simple responde ô noso presente plan. Na educación profesional consideraremos: a dos mestres primarios, os estudos técnicos, o Bachillerato capitalmente como preparazón pra Universidade, e a Universidade.

Non vos presento un plan total, como vedes, senon unha indicación pra valermos

d'ela no estudo da realidade pedagógica. Un consello vos dou: fujamos d'os plans grandes e esquemáticos, volvamos nosos ollos sepre prâ vida varia e múltiple! Presentes, diante de nós, os feitos d'ela, pensemos en abranguer, en conseguir, a nosa obra. Ben sabemos o que estes plans *enormes* deron na España; todos eles con *Gaceta* ou sen ela sô coñeceron o positivo e real fracaso. Non creades por isto que eu quero atorme â ruda realidade; eu quero que seamos guiados por plans, por ideas ja que eu non desprecio a idea; eu son un idealista. Mas, hay duas clas de idealistas: uns viven puramente na idea e non no mundo; viven nas nubes e son idealistas tolos. O outro idealismo admite craro a idea; quere él, por iso, que encha a realidade de maneira que n'ela brile e fulgure. O derradeiro idealismo debe ser o noso porque é o fecundo!

IV

Convén agora seguindo o noso esquema, que falemos da *escola primaria*. A aspirazón da escola debe ser transmitir canto hay de bô na nosa raza e facer germolar canto hay de grande n'ela. A escola pedímoslle pois a raza na sua total integridade. Que todo

anacos, sin que ninguén, máis que nós, proteste rexamente, constantemente, sin tré-gola, contr'os caciques miserabres e os siñores de «boa sociedade», moi cristianos, que manteñen a aqueles en pé, pol-a sua comenencia.

¿En qué terra vivimos? ¿Onde está a nosa terra?



O *Diario de Orense*, orgo de Bugallá, despóis d'aldraxar a Basilio Alvarez, moitas veces, defendeuno e loubouno.

Porque loitaba contr'os galeguistas.

Agora que pasou a época d'a colleita política, aquíl xornal noxento volve a malar en Basilio.

“O Pazo”

Con estraordinarió éxito foi estreada no Ferrol a fermosa comedia *O Pazo*, de Lugo Freire, na derradeira somana.

O público qu'enchía o teatro, pequeno pra tanta concurrenz, chamóuno repetidas veces a escea, adicándolle non aprausos de compromiso, sinon francos e sinceiros de público satisfeito.

Si non fora porque xa é d'abondo conecido como dramaturgo entr'os ferroláns, abondaralle o éxito conquerido co-ista comedia, pr'afirmare no Ferrol a sua personalidade literaria.

LIT. E IMP. ROEL.-CORUÑA.

Consultorio Médico-Quirúrxico J. Lastres

Consulta e tratamento d'as enfermidades en xeneral
ESPECIALIDADES

Pel. (incruso cáncer, lepra, lupus e úlceras atónicas).—*Peito, Estómago, Anemia, Reumatismo, Artritis deformantes, Neuralgias, Arterio-esclorosis, Paralisis*

Electroterapia, Aeroterapia, Sueroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete Fisioterápico: Consultas de 10 a 12

Tratamentos a prezos e horas convencionaes

Non se fai asistencia os fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquiña a Picavía)

A CRUÑA

¡GUERRA AOS CALLOS!

Callos, sabaños e ollos de galo

cúranse co

Bálsamo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Esposición de Buenos Aires

Fabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez.

Representante: Manuel Sánchez - A Cruña.

De venta n'as boas Boticas

IGANAS Á FORA!

Cos productos premeados con Medalla d'Ouro en Buenos Aires e adoutados pol-o mundo enteiro

Aceite del Serrallo

-x-

La Jerezalina

DE VENTA EN TODO O MUNDO

Únicos fabricantes: PRUDENCIO LÓPEZ E FILLO - Jerez.

Representante: MANUEL SÁNCHEZ - A Cruña.

BALDOMIR

Pòrase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

Cando vosté percise o SELLO YER

non pida xamais un *sello* pr' o DÔR DE CABEZA, porqu' eisí quen llo venda, fica en liberdade de darlle calquer *sustituto* ou *imitazón*, razón pol-a qu' en moitos casos non daránlle o único e lexítimo SELLO YER, e sí outro calquera, cuos efectos serán sin valore, e non donaránlle o alivio que percisa.

Pida, eisixa vosté sempre o

SELLO YER

que cura coma non hai porparado qu' o asomelle o DÔR DE CABEZA, DÔRES REUMATICOS, GRIPPE, DÔR DE MOAS E DE OUVIDOS e toda cras de dôres nerviosos.

Caixa co-un sello, soio costa 30 CÉNTIMOS.

Caixa co-unha ducia de sellos, 3 PESETAS.

DE VENDA EN TODAL-AS FARMACIAS E DROGUERÍAS

Faise cárrago de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS

FOTOGABADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

NOVO LIBRO

Da Terra

asoballada

POESÍAS

DE

Ramón Cabanillas



De venda en total-as librerías e na administración d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA
:: DE CALZADO ::

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

Automovilistas:

As mais fortes, milloras e mais económicas cubertas, son as

PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL
(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuízos e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,
e Canalejas, 77

FERROL

H. LA PALOMA

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos milloras da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazóns, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastaría de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

—><—

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

FARMACIA «A SILVA»

Produtos nazonaes i-estranxeiros

Ortopedia en xeneral

DEPÓSITO

do Purgante ideial xaponés *Nazarnorima* (puramente vexetal) e do Selo analxésico *Gimen*.

N'esta casa háchanse á venda os *Produtos químicamente puros* do acrétado Laboratorio de Gonzalo Formiguera.

GARÁNTANSE OS PREPARADOS


Silva d'Abaixo, 17 A CRUÑA

Os esquisitos **VIÑOS** do

VALLE DE MONTERREY - Ourense

véndense no Rego d'Auga, 44

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

LINEA DE HABANA E VERACRUS

Prezo en terceira á Habana	Ptas. 298'60
» » Veracrús.	» 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.